

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº89/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de xuño/ Estado de Chegada a Ons

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com




Apoio á reivindicación veciñal polo arranxo dos camiños da Illa. (Páx. 1)



A revista Nova Ardentúa do ano 2024, fala do minixornal Onstopus. Moitas grazas, compañeiros. (Páx. 2)

Necesidade de arranxo da pasarela e baixada a Area dos Cans. (Páx. 2)



Por unha Ons agrícola. Necesidade de axuda aos veciños que queiran practicala. (Páx. 4)



Ons Arqueolóxica
Outro ano máis seguen as escavacións no Castro dos Mouros. Parabéns a Uvigo e Parques por este labor. (Páx. 3)



As fermosas praias de Ons. (Páx. 5)



Melide, praia Nudista. (Páx. 6)



Unha alternativa ao impacto visual dos contadores de luz e auga. (Páx. 4)



Faro de Ons
Futuro Museo dos Faros, Fareiros e Naufraxios (Páx 8)



Amigos en Ons. (Páx. 7)

PETICIÓN VECIÑAL DE ARRANXO DE CAMIÑOS

Cando remataba o nº 88 deste minixornal, saía á prensa a petición veciñal de arranxo de camiños da Illa, que xa debería estar comezado dende setembro de 2023:

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/06/25/ons-loita-urge-arreglo-caminos-104230247.html> e non deu tempo a metelo nese número.

A este respecto dicir que en marzo de 2023 solicitabamos a Parques, dende Pineiróns, nos enviaran o “**Proxecto de acondicionamento para a zona de Curro e camiños da Illa de Ons**”. É de agradecer que foi enviado de xeito inmediato, cousa difícil de conseguir de Parques, por iso é de recoñecer.

Despois de recibido, foi enviado aos que levamos o tema Social de Ons na Asociación e seguidamente lido e tomadas as notas que consideramos oportunas. Logo fixemos unha posta en común e realizamos un escrito enviando as nosas suxestións sobre o Proxecto ao Parque.

Foto: Camiño baixada do Campamento en Pereiró.



Comezabamos deste xeito, poñendo claro que o importante era a situación veciñal, moi por riba da turística:

Primeiro queremos partir dunha premissa imprescindible:

Alla de Ons é, das catro que compoñen o Parque Nacional, a única habitada dende hai máis de 200 anos por unha comunidade veciñal que, con pequenos altibaxos de habitabilidade ao longo do tempo, nunca a abandonou.

Esta circunstancia ten que primar á hora de calquera intervención da administración que a xestiona, informando e contando cos veciños para levar a cabo actuacións nela pois, lexitimamente nestes intres, por imperativo legal, son concesionarios cos seus dereitos e as súas obrigas.

É por esa circunstancia que a preocupación da administración xestora debería ser que os veciños da Illa teñan en bo funcionamento os servizos básicos imprescindibles para levar unha vida digna, como son: A luz, auga, saneamento e camiños. Á vez, en épocas anuais que a poboación veciñal aumenta, tamén contar cun servizo médico adecuado e recollida de lixo por reciclaxe. E, se se dera o caso dunha habitabilidade anual moito máis ampla dunha maioría de veciños, estudar puntualmente o tema por se fixera falla un servizo escolar, transporte marítimo diario ou semanal, axuda á agricultura e pesca...

*Polo dito, coído que a preocupación maior da administración xestora debería ser, ao carón do coidado medio ambiental da Illa e a atención á biodiversidade, é o **BENESTAR VECIÑAL**. Logo, se as circunstancias económicas permíteno, contribuír á promoción dun Turismo sostible e consciente de que a visita é a un Parque Nacional cunhas características únicas sociais, históricas, etnográficas e naturais que hai que coñecer, coidar e protexer.*

Calquera actuación que se realice en Ons sen transparencia e sen contar cos veciños, demostra unha falla de sensibilidade e un autoritarismo que en nada beneficia ao Parque Nacional e deixa nun mal lugar aos seus xestores



APOIO Á REIVINDICACIÓN VECIÑAL


A problemática dos camiños de Ons vén de hai moitos anos e non se lle buscou un arranxo bo, só pequenas chapuzas que en pouco tempo volven a deixar os camiños como estaban.

Para todo se necesita **estudos previos** na busca da solución máis axeitada e que esta sexa duradeira.

En Ons hai que ter en conta as inclemencias meteorolóxicas, o paso dalgúns vehículos todoterreo e tractores sobre todo da administración, un estudo sobre o firme,... Dende que nos anos 80 se proxectara e se levara a cabo o arranxo do camiño de Curro a Pereiró con rodeiras, estás resultaron ser unha das mellores solucións, só hai que ter presente o ancho destas segundo os vehículos que por elas van a circular para que as rodas vaian sempre pola rodeira e evite o desgaste da terra dos lados e o levantar un polvo que entra nas casas e non permite o secado axeitado da roupa. De non valerlles as rodeiras, que a alternativa sexa efectiva e con vista a durar moitos anos.



Camiño de Pereiró, subida ao Campamento, arranxado un mundo de veces e segue igual de mal.



Bueu vive o mar

En Bueu a asociación "Os Galos" celebrou do 4 ao 9 de setembro de 2023 as súas tradicionais xornadas de cultura mariñeira "Bueu vive o mar", que incluíron exposicións, palestras, a presentación do número 15 de *Nova Ardentía*, un concerto do grupo Mediarea, un espectáculo circense de Dani Blanco, a botadura nunha nova embarcación tradicional, a dorna *Mareira* e a merecida homenaxe a Manuel González Ferradás, Purro. Ademais, o número 15 da revista *Nova Ardentía* foi presentado durante o segundo semestre de 2023 en varias localidades do país como Foz, Sada, Viveiro, Bueu, O Freixo (Outes), Marín e aínda tamén en Vila do Conde (Portugal).

Novos números de Onstopus

Saíron en marzo e abril de 2024 os números 83 e 84, respectivamente, do boletín *Onstopus*, que anima o incansábel Tino Pardellas para dar novas de todo canto acontece e reivindicar todo o necesario na illa de Ons.

4 A que andamos?

A magnífica revista sobre a Cultura Mariñeira "*Nova ARDENTÍA*", no número deste ano 2024, dedica unhas palabras a este minixornal. GRAZAS compañeiros.



O pasado martes 2 de xullo, o **Club de Iates de Baiona** celebrou unha comida na Illa de Ons, formando un precioso espectáculo, que facía tempo que non se vía, de embarcacións fondeadas fronte á praia de Area dos Cans.



PASARELA DE BAIXADA Á PRAIA DE AREA DOS CANS

O tema desta pasarela xa o toquei varias veces neste minixornal. No seu día, dende Parques, dixeron que era para facilitar a chegada á praia para persoas en cadeira de rodas e así salvar a costa de subida a Curro. O deseño da pasarela e a deterioración continua que ten anualmente, fana de difícil uso para estas persoas e máis na zona de chegada á area, pois todos os anos queda a unha altura, que vai a máis, a medida que comezan os bañistas a utilizala. Coido que debería facerse un estudo máis exhaustivo sobre esta pasarela, pois a madeira podrece con facilidade e todos os anos hai que reparala, traendo un gasto importante.

Costa de baixada a Area dos Cans. Pasarela. Cadeira de Rodas

Falaba antes do arranxo dos camiños, da pasarela e de que esta fora construída para acceso á praia de persoas en cadeira de rodas. Pois ben, a carón da problemática que supón a chegada á praia para esas persoas, hai que sumar, a falla de socorristas e, no caso de que teñan que desprazarse para ir aos baños, ir coñecer a Illa ou achegarse a comer aos restaurantes, de novo atópanse cunha pasarela non moi adecuada e coa problemática de ter que subir unha pronunciada costa por un camiño que, como poden vostedes observar na foto, atópase nun estado pouco recomendable para estas cadeiras. O que se quería evitar por un lado, téñeno agora polo outro.

O Parque Nacional debe ser un lugar activo e acolledor para veciños e visitantes. Hai que facilitarlle as cousas a todos. Os camiños hai que arranxalos pensando nas persoas, nos vehículos que van circular por eles e, á vez tamén, tendo en conta as pronunciadas costas que, xunto coa climatoloxía invernál, provoca un deterioro neses camiños e que só os técnicos poden resolver buscando solucións adecuadas, con materiais apropiados,... e con presupostos que remedien, dunha vez por todas, actuacións inadecuadas que hai que volver a arranxar ao ano seguinte.



Durante os meses de maio e principios de xuño, leváronse novas escavacións arqueolóxicas no Castro dos Mouros e, a finais de xuño e principios de xullo, labores de consolidación dos muros. Coidamos que estamos ante un importantísimo xacemento que só está escavado nun 10% da súa totalidade e que pode dar uns resultados moi interesantes para coñecer máis a fondo a historia desta Illa.



Saíu á luz un importante muro defensivo, moita cerámica e máis moedas. Estamos á espera que os arqueólogos, que levaron a cabo os traballos, faciliten información sobre estas novas escavacións para ver resultados, que de seguro, van ser moi interesantes.



MUSEALIZACIÓN

En anteriores Onstopus falaba da necesidade de informar aos visitantes de por onde tiñan que subir para poder visitar e ollar este xacemento. Nestes intres, e despois de estar alí o mércores día 3 de xullo, penso que, ata que estea ben consolidado, eu propoñería tanto aos arqueólogos como ao Parque Nacional, que as visitas sexan só organizadas e con Guía (do Parque ou das navieiras), co fin de evitar que os visitantes se movan polas estruturas e podan deterioralas. De todos os xeitos, é só unha apreciación miña, os responsables tanto da escavación, da consolidación e do Parque son os que teñen a última palabra.

Estamos ante un importantísimo xacemento do que **Cultura e Patrimonio**, así como a Consellería de Medio Ambiente e o Parque, teñen que poñer todo da súa parte para que estas escavacións sigan e teñan un presuposto adecuado para levalas a cabo dun xeito técnico e científico.





AGRICULTURA NA ILLA DE ONS

Foto sacada o 4 de xullo. Como vedes aínda hai familias que teñen un apego ao terruño que os veu nacer e que seguen coa teima de traballar os seus campos. Coido que se Parques puxera algo da súa parte, máis veciños pasarían máis tempo na illa e traballarían os seus terreos. Pero, sempre hai un “pero”, Parques estaría por ese labor, ou prefire que todo quede a monte e que os veciños desaparezan?



Contadores de auga e luz.

En anteriores Onstopus facíamos unha crítica construtiva sobre os contadores que puxeran polo barrio de Pereiró, pola súa antiestética posición sobre as paredes das casas. Coidabamos que puido buscárselle outra posición sen estar tan á vista. Non se tomou en conta a nosa suxestión, pero iso non evitou que os veciños buscaran solucións.

Nas fotos podemos apreciar como estaba antes (foto esquerda) e como, unha posible alternativa é forralos cunhas táboas (foto dereita) que facilmente se poden sacar e, sobre elas, poñer unhas plantas, tipo enredadeira que, ao crecer, taparán a súa vestimenta de madeira, facendo máis decorativa e pintoresca a súa nova estrutura.



CARLOS PATIÑO BUSCA SOLUCIÓN Á MESA DOS Pineiróns

Carlos Patiño, para os amigos Carrillo, vendo que os Pineiróns quedaron sen a súa mesa na zona central do barrio de Curro, non o dubidou, e no terreo exterior da súa casa, colocou dúas mesas de pedra que nada teñen que envexar á primitiva dos Pineiróns.

Conta tamén cun magnífico asador que permitirá gozar de boas caldeiradas á brasa. Xa está organizada a súa inauguración a base de percebes e nécoras de entrante, para de seguido, un bo galo guisado e bacallau á brasa. Todo regado cun bo viño albariño do Salnés.

Haberá gaiteros e festa rachada.

AS FERMOSAS PRAIAS DA ILLA DE ONS, INVITAN AO BAÑO



CANEXOL

AREA dos CANS



MELIDE



A PRAIA NUDISTA DE MELIDE. (ILLA DE ONS)

Xa temos comentado nestas páxinas, que *Melide*, na nosa Illa de Ons, foi unha das primeira praias Nudistas de Galicia e que contou cunha Zona de Acampada (CAMAWAY) que podemos considerala como a única *Acampada Nudista existente en Galicia*.

Os tempos cambiaron e a administración fixo desaparecer esa Acampada e con ela, incrivelmente, desapareceron os nudistas. Cal foi o motivo? Por que, aqueles miles de nudistas que todos os veráns ían a Melide, agora, agás honrosas e reivindicadoras excepcións, abandonárona? Sen embargo seguen indo a Bascuas, Barra, Figueiras (illas Cíes), Aguieira,...



REIVINDICACIÓN NUDISTA DO <REINO DE CAMAWAY>

Os camawuaianos reivindicán o *Reino de Camaway*, coma unha distinción ao que representou esa zona para eles e tamén en homenaxe a todos os que xa non están e aos que están pero, por diferentes circunstancias, non veñen a Ons. Alí viviron grandes e significativos momentos que nunca esquecerán. Melide sempre será o seu reino e seguirán reivindicando esa praia como Nudista.



Caseta de Primeros Auxilios

Temos que agradecer a Parques o bo funcionamento deste servizo, con horarios de 10 a 14 h. e 16 a 20 h. Cun teléfono de emerxencias para fóra deses horarios, xa que están dispoñibles de xeito permanente.

Unha auténtica pena que dende o *Concello de Bueu* non se solicitara a Area dos Cans como *Bandeira Azul*, así disporía de socorristas, latrinas máis preto da praia,..., que servirían de gran axuda a persoas con discapacidade.

A *Panda* de Arra e Portonovo, que reúnen no Gaivota, tiveron a súa comida de confraternidade na Illa de Ons. Un Saúdo a todos.





Bos amigos tomando uns viños



Mirando gañar á selección



Pontevedra, San Vicente e Ons



De cantarea cos amigos de Arra



Irmandadas as Illas de Sálvora e Ons



Os Pineiróns: Tinón e Maqui con Davila (Bicheiro) en Ons

FARO de ONS

SENTINELA DO ATLÁNTICO



Este vixía dos mares, quere dar un servizo como **MUSEO** dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraxios, a veciños e visitantes da Illa de Ons.

AXUDÉMOLO A CONSEGUILO